

RESOLUCIÓN DO 19 DE NOVEMBRO DE 2009, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE ADOPTA A DECISIÓN DE NON SOMETER A AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL O PROXECTO DENOMINADO L.A.T. 66 KV TIBO-SAN JORGE, NOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, BARRO, MORAÑA, CAMPO LAMEIRO E COTOBADE (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. (CLAVE: 2009/0206).

O Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, establece no seu artigo 3.2 que os proxectos, públicos ou privados consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II do dito Real Decreto Lexislativo, así como calquera proxecto non incluído no seu anexo I que poida afectar directa ou indirectamente aos espazos da Rede Natura 2000, só deberán someterse a avaliación de impacto ambiental cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo III da citada norma.

O proxecto denominado L.A.T. 66 kV Tibo-San Jorge atópase no antedito suposto por estar comprendido no grupo 4, apartado a) do referido anexo II, que contempla as liñas aéreas para o transporte de enerxía eléctrica cunha lonxitude superior a 3 quilómetros.

1. Obxecto, descrición e localización do proxecto. Promotor e órgano substantivo.

O proxecto obxecto de consulta consiste nunha liña eléctrica de alta tensión a 66 kV entre as subestacións de Tibo e San Jorge (ambas existentes e sitas na provincia de Pontevedra), de 15.341 metros de lonxitude total, composta por un tramo aéreo de 14.061 m e dous soterrados (á saída da subestación de Tibo e na chegada á de San Jorge) que suman 1.280 m.

Proxéctase en circuíto simple, con condutor LA-280 e cadeas de illadores de pratos de vidro, sobre apoios metálicos de celosía. Non vai dotada de cable de terra e/ou fibra óptica.

A traza discorrerá polos concellos de Caldas de Reis, Portas, Barro, Moraña, Campo Lameiro e Cotobade, na provincia de Pontevedra. A súa finalidade é garantir a subministración eléctrica da comarca mediante o peche do anel de 66 kV, de xeito que se evite a posición en punta actualmente existente na subestación de San Jorge.

O promotor do proxecto é a sociedade Unión Fenosa Distribución, S.A. e o órgano substantivo a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

2. Tramitación e consultas.

En data 3 de agosto de 2009 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remitido polo órgano substantivo, o documento ambiental do proxecto, conforme o establecido no artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 1/2008 ao obxecto de determinar por parte do órgano ambiental a necesidade ou non de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental.

O 22 de setembro de 2009 esta Secretaría Xeral iniciou o periodo de consultas previas previsto no artigo 17.2 do citado Real Decreto Lexislativo. A relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

<i>Relación de consultados</i>	<i>Respostas recibidas</i>
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Turismo)	-
Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Consellería do Medio Rural)	-

<i>Relación de consultados</i>	<i>Respostas recibidas</i>
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)	-
Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)	X
Concello de Caldas de Reis	-
Concello de Portas	-
Concello de Barro	-
Concello de Moraña	X
Concello de Campo Lameiro	-
Concello de Cotobade	X
Federación Ecoloxista Galega (FEG)	-
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)	-
Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)	-

A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación considera adecuadas as medidas protectoras e correctoras propostas polo promotor no documento ambiental en relación cos impacto ambientais significativos, polo que non estima necesario engadir ningunha actuación ou norma que debe ser considerada polo promotor.

O Concello de Cotobade considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental polo seu impacto visual no terreo e polo efecto directo da liña e dos apoios sobre as propiedades.

O Concello de Moraña sinala que o vértice 13 está situado na zona de afección do ben cultural catalogado no PXOM como Cabeza de San Pedro, polo que considera preceptivo o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

3. Análise segundo os criterios do anexo III.

Unha vez avaliada a documentación que obra no expediente, vistas as respostas recibidas ás consultas efectuadas, e atendendo aos criterios do anexo III do Real Decreto Lexislativo 1/2008, realízase a seguinte análise para determinar a necesidade de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental:

Características do proxecto:

O proxecto consiste nunha liña eléctrica de alta tensión a 66 kV entre as subestacións de Tibo e San Jorge (ambas existentes e sitas na provincia de Pontevedra), de 15.341 metros de lonxitude total, composta por un tramo aéreo de 14.061 m e dous soterrados (á saída da subestación de Tibo e na chegada á de San Jorge) que suman 1.280 m.

Proxéctase en circuíto simple, con condutor LA-280 e cadeas de illadores de pratos de vidro, sobre apoios metálicos de celosía. Non vai dotada de cable de terra e/ou fibra óptica.

Localización:

A liña eléctrica discorrerá polos concellos de Caldas de Reis, Portas, Barro, Moraña, Campo Lameiro e Cotobade, na provincia de Pontevedra.

O trazado non atravesa zonas que ostenten actualmente figuras autonómicas ou estatais de protección de espazos naturais nin que estean catalogadas como IBA (Área Importante para as Aves).

Uns 100 metros ao sur do punto de remate da liña (subestación de San Jorge, existente) discorre o río Lérez, que neste treito ostenta a categoría Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), tratándose do espazo protexido máis próximo, que non resulta afectado pola liña.

Características do potencial impacto:

Como un dos elementos fundamentais na análise dos potenciais impactos do proxecto cabe sinalar que unha boa parte do trazado (en torno ao 70 %) discorre por terreos de natureza forestal dedicados exclusivamente a repoboación, sendo as principais especies obxecto de explotación o eucalipto e o piñeiro. O resto do trazado discorre por terreos de natureza agrícola (cultivos de regadío, vid e árbores froiteiras).

Dado que, segundo se sinala na documentación achegada, a traza non afecta a frondosas autóctonas (case inexistentes na área) e esquivada perfectamente as distintas teselas de hábitats naturais identificadas na zona (efectuando tan só un cruzamento sobre unha formación de brexeiras secas europeas, no cal o apoio implicado sitúase na marxe dunha devasa existente), a afección sobre a vexetación pola apertura de accesos, colocación dos apoios ou apertura da rúa de seguridade non se considera relevante.

Por outra banda, para acceder aos puntos de instalación dos apoios empregárase a rede de pistas, camiños e devasas existentes na zona, ben desenvolvida, o cal minimiza as afeccións asociadas á apertura de novos accesos. A alternativa elixida é a que presenta maior accesibilidade das tres estudadas. Así mesmo, a maquinaria de obra necesaria para a montaxe de liña pode transitar pola dita rede, minimizando tamén as afeccións. A maior abundamento, entre as medidas protectoras e correctoras contempladas polo promotor no documento ambiental achegado, están previstas actuacións de restauración e revexetación para as zonas que resulten afectadas polas obras.

No referente á protección da avifauna fronte ás colisións e electrocucións, e aínda que á presente liña, pola súa localización, non lle sería de aplicación o artigo 11º do Decreto 275/2001, do 4 de outubro, polo que se establecen determinadas condicións técnicas específicas de deseño e mantemento ás que se deberán someter as instalacións eléctricas de distribución, na documentación presentada sinalase que no seu deseño se tiveron en conta as prescricións do devandito Decreto, o cal, unido ao feito de que a liña non vai dotada de cable de terra, minimiza a súa posible incidencia sobre a avifauna.

A alternativa elixida discorre en boa parte, como xa se sinalou, por terreos dedicados a repoboacións de piñeiro e eucalipto, nos que a presenza de núcleos de poboación ou vivendas é escasa ou inexistente, polo que non se prevén molestias por emisións sonoras durante a execución das obras nin riscos potenciais por exposición a campos electromagnéticos na fase de funcionamento da liña. Nos terreos de natureza agraria, con maior asentamento poboacional, naqueles puntos onde a traza se aproxima a vivendas gárdase en todo caso unha distancia superior á mínima esixida no Regulamento de Liñas Eléctricas Aéreas de Alta Tensión.

Nos cruzamentos da liña sobre cursos de auga (regos de Maneses, dos Calvos, dos Ladróns, da Castañeira, de Valorento e da Varosa, entre outros), os apoios situaranse fóra da zona de servidume de leitos, polo que non se prevé risco de contaminación das augas pola execución das cimentacións dos apoios.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre que se cumpra o recollido no documento ambiental presentado polo promotor, así como as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación das que figuran no anexo da presente resolución, non se observa que o proxecto vaia producir impactos adversos significativos sobre o medio ambiente, polo que esta Secretaría Xeral resolve **non sometelo ao trámite de avaliación de impacto ambiental**.

A presente decisión adóptase unicamente en relación á non necesidade de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental e non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios por parte doutros organismos para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2009

O SECRETARIO XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Justo de Benito Basanta

ANEXO

A) CONDICIÓN ESPECÍFICAS

1. No que respecta á protección dos elementos do patrimonio cultural existentes na zona, estarase ao disposto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa de aplicación.

Neste sentido, e dado que no contorno da traza detectáronse unha serie de elementos do patrimonio cultural, entre eles o ben catalogado como Cabeza de San Pedro ao que fai referencia o informe emitido polo Concello de Moraña, lembrar que de acordo co artigo 32 da citada Lei 8/1995, a Consellería de Cultura (actualmente Consellería de Cultura e Turismo) deberá ser informada de todos os plans, programas e proxectos, tanto públicos como privados, que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia, e para estes efectos, a dita Consellería deberá establecer as medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección dese patrimonio.

B) CONDICIÓN XERAIS

1. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA

Os niveis de presión sonora, tanto debidos ás obras de construción da liña como ao seu funcionamento, non poderán superar os valores límite de recepción para ruído ambiente exterior establecidos no artigo 8 do Anexo da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no seu caso, o establecido nas ordenanzas municipais ao respecto.

2. PROTECCIÓN DAS AUGAS E LEITOS FLUVIAIS

1. Calquera actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como os cruzamentos, captacións ou verteduras se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente. Neste sentido, deberán terse en conta as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, e modificacións posteriores).

2. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes, sexan de abastecemento ou outros.

Asemade, respectaranse os mananciais que puidesen existir na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso para a execución da obra se resultase necesario. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

3. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humedais ou zonas hidromorfas, adoptando todas as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa preservación. Prestarase especial atención ao balizamento de ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.

4. Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de forte pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de chuvias, cheas ou escorregamento superficial.

5. O formigón para as cimentacións dos apoios será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

6. Calquera operación de formigonado próxima aos leitos dos ríos deberase realizar en condicións que eviten o derrame de formigón e a contaminación das augas. Asemade, non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga.

3. PROTECCIÓN DO SOLO

1. Realizarase unha delimitación das zonas de obra, estando prohibido ocupar terreos fóra dos previstos no proxecto.

2. Minimizarase a construción de accesos para a execución da liña, aproveitando o máximo posible a rede de camiños ou pistas existentes, así como a propia rúa de seguridade.

3. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

4. Nos terreos de forte pendente utilizaranse apoios con patas desiguais co fin de minimizar o terreo afectado polas escavacións. Asemade, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.

5. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente debido aos labores de instalación ou mantemento da liña, deberán restituirse ao estado previo ao inicio das obras. Os elementos que constitúen a liña non poderán supoñer un obstáculo para o uso das devasas que puideran existir na zona.

6. A realización do proxecto deberá respectar a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, no que se refire ao uso e defensa destas (realización de cruzamentos, distancias dos apoios ás arestas de explanación...). As obras, edificacións, instalacións, cerramentos ou accesos que afecten a terreos comprendidos na área de influencia das estradas requirirán autorización expresa do órgano competente da Administración titular da estrada.

4. XESTIÓN DE RESIDUOS

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, explotación ou desmantelamento da liña deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

2. Antes do inicio da fase de explotación da liña deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados na obra.

5. PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS NATURALS

5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación na rúa de seguridade, así como as tarefas de mantemento periódico, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións, implementando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Así mesmo, previamente a estes labores verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese ou legalmente protexida nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poida finalizar con éxito o período reprodutor.

3. Deberase ter en conta, no que resulte de aplicación, o Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión (BOE nº 222).

5.2. Sobre a vexetación e hábitats naturais

1. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución das obras, empregando sistemas de roza no caso da matogueira. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas. En todo caso, calquera actuación de carácter inevitable levará asociada a restitución íntegra do espazo afectado á maior brevidade posible.

2. Tomaranse as precaucións oportunas para non comprometer a persistencia de posibles hábitats naturais de interese comunitario que puideran existir na zona. No caso de detectar algún destes elementos ou outros que estean protexidos pola lexislación vixente, procederase a súa delimitación, así como á adopción das medidas precisas para a súa preservación, comunicando o achádego ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza.

3. Respectarase ao máximo posible a vexetación arbórea, en especial as formacións de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira. En calquera caso, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de arboradura terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto no Regulamento de Montes e demais normativa de aplicación.

4. De ter que realizar algún novo acceso, procurarase que sexa por rodadura, empregando métodos de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal orixinaria e implementando as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.

5. No caso de que sexa preciso facer algún acceso por explanación, evitarase a afección a ecosistemas de interese. O trazado axustarase o máximo posible á topografía do terreo para minimizar os movementos de terras. O modelado dos noiros resultantes (se é o caso) evitará formas demasiado artificiais, procedendo á súa revexetación o máis pronto posible.

6. Independentemente do tipo de acceso que se faga, previamente á súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar sobredimensionamentos e tránsito incontrolado de maquinaria fóra da zona.

7. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña, teranse en conta as seguintes consideracións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa en todo momento de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas da rúa determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable; non obstante, e dependendo da topografía do terreo, dos ventos e do tipo de vexetación existente, a anchura determinarase de xeito que se minimize o risco de lumes nestas zonas e, de producirse estes, se impida a súa propagación e se faciliten as tarefas de extinción.
- Neste sentido, recoméndase realizar unha silvicultura preventiva, preferentemente a realización de áreas cortalumes nas zonas colindantes á rúa, polo que o promotor ou propietario da liña deberá establecer as servidumes da suficiente amplitude para poder realizar sen contratempos os devanditos labores. No desenvolvemento destes labores primarán os criterios técnicos e o respecto á bioloxía das especies implicadas.

- Como salvedade ao exposto nos parágrafos anteriores deberase respectar ou reducir a afección ao mínimo imprescindible, a vexetación de ribeira e outras árbores e rodais singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas, de ser o caso.
- De todos os xeitos, as accións baixo a liña consensuaranse coas Subdireccións Xerais de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais e de Espazos Naturais e Biodiversidade, da Consellería do Medio Rural.

8. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

6. INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA E RESTAURACIÓN

1. Os muros e peches tradicionais que existan na zona deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras. Así mesmo, se ao longo de traza existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico tamén deberán ser respectados.

2. Todas as superficies afectadas ou deterioradas pola execución das obras (instalación dos apoios, execución de accesos...) deberán ser restauradas e revexetadas, favorecendo a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, levarase a cabo un plan de restauración e revexetación, tendo que garantirse o mantemento da revexetación ao longo do tempo, para o que se efectuará un seguimento da súa efectividade e se adoptarán as medidas correctoras oportunas no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da revexetación.

3. As especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas e existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre sí, co obxecto de maximizar o éxito da restauración.

4. Os labores de restauración deberán realizarse, na medida do posible, conforme as distintas superficies a restaurar acadan o seu estado definitivo, co fin de favorecer a súa integración paisaxística o máis pronto posible.

5. Previamente á revexetación efectuarase o acondicionamento do terreo, procedendo a súa descompactación e laboreo superficial, retirando o exceso de pedregosidade e estendendo a terra vexetal previamente amoreada. Minimizarase o estendido de terra vexetal, restrinxíndoo ás zonas alteradas que vaian ser restauradas.

6. Aqueles accesos que non vaian ser empregados durante a fase de funcionamento da liña deberanse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa extensión.

7. No caso de que a liña quedase definitivamente fóra de servizo, levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelala e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación, contemplando, con carácter xeral, a desmontaxe e retirada de apoios, illadores e condutores, demolición de peanas en superficie, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas pola desmontaxe.